



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A Escola Galega da Administración Pública (en adiante, EGAP) é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins. En concreto, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formación ao persoal empregado público.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Universidade da Coruña é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Universidade de Vigo é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

(2) Obxecto

O convenio terá por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, así como a participación do persoal dependente das universidades asinantes nas actividades da EGAP, actuando da forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

No convenio establécense todas as actividades formativas que a EGAP convocará destinadas exclusivamente para o persoal de administración e servizos das tres universidades do sistema universitario de Galicia e sinálase ademais que se lle reservará a este persoal unha cota do 10% das prazas dos cursos que se convoquen en materia de competencias dixitais (ComDix), ofimática, idiomas, igualdade e violencia de xénero, así como Unión Europea.





(4) Impacto económico

A EGAP financiará, no que atinxe á participación do persoal das Universidades nas actividades formativas obxecto deste convenio, o custe estimado coa achega de 91.861,91 euros desagregados do seguinte xeito:

1. Nos cursos incluídos no Plan Anual de Formación da EGAP como cursos das Universidades, a EGAP financiará os custos dos cursos de formación continua cunha achega dun importe de 55.991,24 euros con cargo á partida orzamentaria 10.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026

2. De acordo coa tramitación ordinaria da formación continua da EGAP, nos cursos relativos ao Marco galego de competencias dixitais Comdix e ao portal de idiomas, así como nos cursos de ofimática, de igualdade e violencia de xénero e Unión Europea, a EGAP financiará os seus custos con cargo á partida orzamentaria 10.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026, equivalendo á cota do 10% que se reserva ao persoal das Universidades a 35.870,67 euros.

Estes importes correspóndense cos fondos que a Comunidade Autónoma de Galicia recibe en virtude do acordo de reparto de fondos que de xeito anual se aproba no seo da Comisión Xeral de Formación Para o Emprego das Administracións Públicas, tendo, polo tanto, a consideración de finalistas.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizarase coas tres universidades anteditas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2026, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, podendo prorrogarse de forma expresa por anualidades naturais.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as actuacións de referencia, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

(7) Indicadores de resultado:

A aplicación orzamentaria 10.81.122B.226.17 denominada "Cursos de formación", no proxecto 2014.00001 que é que procede para os efectos deste convenio, ten asociados os indicadores seguintes:

- P240.H/Persoal público participante nas actividades de formación: número de homes.
- P240.M/Persoal público participante nas actividades de formación: número de mulleres.





(8). Integración no Plan Estratégico de Galicia

-Eixo: E5 (Gobernanza)

-Prioridade de Actuación: PA01 (Unha boa administración que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade)

-Obxectivo Estratégico/Instrumental: E01 (Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos)

-Obxectivo operativo: OO01 (Accións formativas para os empregados e empregadas públicas)

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora da EGAP

(PDS Resolución do 11 de marzo de 2025)

O xefe do Servizo Económico-Administrativo

José Antonio González Failde

